

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE ATENCIÓN PROFESIONAL A PERSOAS MENORES DE IDADE VÍTIMAS DE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia., actuando en nome e representación da Xunta de Galicia e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Dña. **Lourdes Carballo Fidalgo**, presidenta do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2.2, dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para asinar este documento

EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia goza de competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) e mais nos reais decretos de transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro; e que, por outra parte, lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas.

Á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspóndenlle, entre outras, as competencias relativas aos medios económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza e mais as referentes á promoción do acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de condicións.

Segundo. Que a lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia define no seu art.1 a violencia como *"(...) toda acción, omisión ou trato negligente que priva ás persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente a violencia dixital. En calquera caso, entenderase por violencia os malos tratos físicos, psicolóxico ou emocional, os castigos físicos, humillantes ou denigrantes, o descoido ou trato negligente, as ameazas, inxurias e calumnias, a explotación, incluíndo a violencia sexual, a corrupción, a pornografía infantil, a prostitución,*



o acoso escolar, o acoso sexual, o ciberacoso, a violencia de xénero, a mutilación xenital, trátaa de seres humanos con calquera fin, o matrimonio forzado, o matrimonio infantil, o acceso non solicitado a pornografía, a extorsión sexual, a difusión pública de datos privados así como a presenza de calquera comportamento violento no seu ámbito familiar.”

O obxectivo desta norma, aplicable a todos os menores de idade que se atopen no territorio español, con independencia da súa nacionalidade e da súa situación administrativa de residencia e ós menores de nacionalidade española no exterior nos termos do art.51 da lei, é a protección das persoas menores de idade, a loita contra a violencia, a promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes consagrados na Convención sobre os Dereitos do Neno e asegurar e fomentar o respecto da súa dignidade humana e integridade física e psicolóxica previndo toda forma de violencia.

O artigo 5 da referida Lei Orgánica recolle a necesidade de que as administracións públicas, dentro do ámbito das súas competencias, promovan e garantan a formación especializada, inicial e continua en materia de dereitos fundamentais da infancia e adolescencia ós/ás profesionais que teñan contacto habitual cas persoas menores de idade. No parágrafo 3º especifica que os Colexios de Avogados e procuradores facilitarán ós seus membros o acceso á formación específica sobre os aspectos materiais e procesuais da violencia sobre a infancia, tanto dende a perspectiva do Dereito interno como do Dereito da Unión Europea e Dereito Internacional, así como a programas de formación continua en materia de loita contra a violencia sobre a infancia e adolescencia.

Nos art.6 e 8 recóllese o deber de colaboracións das distintas administracións públicas, no ámbito das súas competencias e con entidades privadas, para conseguir unha actuación eficaz nos ámbitos da prevención, detección precoz, protección e reparación fronte a violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.

Terceiro. Que o art.14 da Lei Orgánica recoñece o dereito de asistencia xurídica gratuíta nos seguintes termos:

“1. As persoas menores de idade vítimas de violencia teñen dereito á defensa e representación gratuítas por avogado e procurador de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

2. Os Colexios de Avogados, cando esixan para o exercicio da quenda de oficio cursos de especialización, asegurarán unha formación específica en materia dos dereitos da infancia e a adolescencia, con especial atención á Convención sobre os Dereitos do Neno e as súas observacións xerais, debendo recibir, en todo caso, formación especializada en materia de violencia sobre a infancia e adolescencia.

3. Igualmente, os Colexios de Avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado ou letrada de oficio nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade e para asegurar a súa inmediata presenza e asistencia ás vítimas.

4. Os Colexios de Procuradores adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de procurador ou procuradora nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade cando a vítima desexa comparecer como acusación particular.



5. O avogado ou avogada designado para a vítima terá tamén habilitación legal para a representación procesual daquela ata a designación do procurador ou procuradora, en tanto a vítima non se acudiu como acusación conforme ao disposto no apartado seguinte. Ata entón cumprirá o avogado ou avogada o deber de sinalización de domicilio a efectos de notificacións e traslados de documentos.

6. As persoas menores de idade vítimas de violencia poderán comparecer como acusación particular en calquera momento do procedemento aínda que iso non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa comparecencia, nin poderá supoñer unha diminución do dereito de defensa do acusado.”

Na mesma liña, o Regulamento galego de asistencia xurídica gratuíta (Decreto 269/2008, do 6 de novembro, modificado polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro) prevé a prestación inmediata da asistencia xurídica por parte dos profesionais da quenda de oficio ós menores de idade vítimas de situacións de abuso e malos tratos e mais a constitución dunha quenda de garda permanente durante as 24 horas do día, atendida por letrados/as especializados/as, para a prestación do servizo de asistencia letrada ós menores de idade vítimas de situacións de abuso e malos tratos (artigo 29.2), así como tamén o requisito complementario de formación para os/as avogados/as especializados/as que realicen a asistencia xurídica e defensa en xuízo de ós menores de idade vítimas de situacións de abuso e malos tratos (artigo 30.2).

Trátase, deste xeito, de procurar o establecemento dun sistema integral de atención ós menores de idade vítimas de violencia, que comprenda o asesoramento xurídico e orientación iniciais, a información xurídica aos representantes legais dos menores de idade vítimas de situacións de violencia sobre o desenvolvemento do proceso e maneira de exercitar os diferentes dereitos, a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias, así como para a interposición da denuncia, se for o caso, e, en definitiva, un primeiro acompañamento legal ante os órganos correspondentes policiais ou xurisdicionais sen que implique o exercicio da acción penal no procedemento xudicial, sendo por isto necesario que, da mesma maneira que se forma aos e ás profesionais da avogacía integrantes da quenda de oficio, estes contén tamén cunha formación específica en relación cos menores de idade vítimas de situacións de violencia.

Cuarto. Entre os compromisos e metas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como na Axenda 2030 en varios ámbitos, atópase como meta 16.2 «Poñer fin aos malos tratos, a explotación, trata e todas as formas de violencia e tortura contra os nenos.» e dentro do Obxectivo 16 promover sociedades, xustas, pacíficas e inclusivas. As nenas, pola súa idade e sexo, moitas veces son dobremente discriminadas ou agredidas, por iso deben terse en conta as formas de violencia que as nenas sofren especificamente polo feito de ser nenas e así abordalas e previlas á vez que se incide en que só unha sociedade que educa en respecto e igualdade será capaz de erradicar a violencia cara ás nenas.

O corpo normativo español incorporou importantes avances na defensa dos dereitos das persoas menores de idade, así como na súa protección fronte á violencia. Nesta evolución encaixa a reforma operada na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, pola Lei



Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, ambas as de modificación do sistema de protección da infancia e a adolescencia, que introduce como principio reitor da actuación administrativa o amparo das persoas menores de idade contra todas as formas de violencia, incluídas as producidas na súa contorna familiar, de xénero, trata e o tráfico de seres humanos e a mutilación xenital feminina, entre outras. De acordo coa Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, os poderes públicos teñen a obrigaón de desenvolver actuacións de sensibilización, prevención, asistencia e protección fronte a calquera forma de malos tratos infantís, así como de establecer aqueles procedementos necesarios para asegurar a coordinación entre as administracións públicas competentes e, nesta orde, revisar en profundidade o funcionamento das institucións do sistema de protección ás persoas menores de idade e constituír así unha protección efectiva ante as situacións de risco e desamparo.

Neste contexto, o Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 26 de xuño de 2014, acordou a creación dunha Subcomisión de estudo para abordar o problema da violencia sobre os nenos e as nenas. Dita Subcomisión adoptou cento corenta conclusións e propostas que deron lugar, en 2017, á aprobación da Proposición non de lei, pola que se instaba ao Goberno, no ámbito das súas competencias e en colaboración coas comunidades autónomas, a iniciar os traballos para a aprobación dunha lei orgánica para erradicar a violencia sobre a infancia.

Con todo, a pesar de devanditos avances, o Comité de Dereitos do Neno, con ocasión do exame da situación dos dereitos da infancia en España en 2018, reiterou ao noso país a necesidade da aprobación dunha lei integral sobre a violencia contra os nenos e nenas, que debía resultar análoga no seu alcance normativo á aprobada no marco da violencia de xénero.

Por suposto, a aprobación dunha lei integral sobre a violencia contra os nenos, nenas e adolescentes non só responde á necesidade de introducir no noso ordenamento xurídico os compromisos internacionais asumidos por España na protección integral das persoas menores de idade, senón á relevancia dunha materia que conecta de forma directa co san desenvolvemento da nosa sociedade.

Como indica o Comité dos Dereitos do Neno na citada Observación Xeral número 13, as graves repercusións da violencia e os malos tratos sufridos polos nenos, nenas e adolescentes son sobradamente coñecidas. Eses actos, entre outras moitas consecuencias, poden causar lesións que poden provocar discapacidade; problemas de saúde física, como o atraso no desenvolvemento físico e a aparición posterior de enfermidades; dificultades de aprendizaxe incluídos problemas de rendemento na escola e no traballo; consecuencias psicolóxicas e emocionais como trastornos afectivos, trauma, ansiedade, inseguridade e destrución da autoestima; problemas de saúde mental como ansiedade e trastornos depresivos ou intentos de suicidio, e comportamentos prexudiciais para a saúde como o abuso de substancias aditivas ou a iniciación precoz na actividade sexual.

A mencionada lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia contén un conxunto de medidas para promover o desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual en todo o territorio, en colaboración coas comunidades autónomas e respectando as competencias destas.



Quinto. Que o Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios da avogacía da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 30/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), que no ámbito territorial de Galicia ten as mesmas competencias ca as atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española. O Consello exerce as funcións tradicionais de natureza administrativa, coma a tramitación e resolución de recursos en materia deontolóxica e as relacións con outras institucións e administracións, e así mesmo dedica importantes esforzos no ámbito da formación dos avogados e avogadas de Galicia mediante o establecemento de programas en diversas materias do exercicio profesional, coma a mediación, o dereito de estranxeiría, o procedemento penal do menor, a deontoloxía profesional ou a violencia sobre a muller.

Sexto. Que todo o anterior conduce á oportunidade de conveniar co Consello da Avogacía Galega a realización de actuacións de atención xurídica especial para as persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia que aseguren a eficacia das medidas legalmente previstas.

Por todo o indicado, as partes acordan formalizar o presente convenio, que se rexerá consonte o disposto nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto e finalidade.*

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Consello da Avogacía Galega para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia e á formación dos avogados e avogadas nese ámbito, de maneira tal que as persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia dispoñan sempre dun avogado especializado que as asista en relación coa denuncia e asesoramento xurídico e acompañamento iniciais, e con independencia de que a vítima teña ou non recursos para litigar.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público. Neste sentido cómpre sinalar que os delitos cometidos contra menores aumentan estrepitosamente cada ano, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar as súas vítimas, neste caso a través de accións especializadas por profesionais do ámbito xurídico. Tal incuestionable interese público leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

Segunda. *Obrigas do beneficiario.*

O Consello da Avogacía Galega comprométese a:

- 1.** Realizar as actividades previstas no obxecto que se recolle neste convenio.



A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes do Consello da Avogacía Galega. O dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia responsabilidade directa nin subsidiaria.

2. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como tamén a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, do presente convenio.

3. Proporcionarlle á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.

4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

5. Dar axeitada publicidade ao carácter público das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recolleitas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo.

Terceira. *Compromisos das partes.*

- a) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asumirá os custos que xere a execución das actuacións obxecto do presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **06.03.131A.481.0**, cun importe máximo para o ano 2023 de **30.000 €**, segundo os conceptos e contías sinaladas na cláusula sexta.
- b) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a lle facilitar ao Consello da Avogacía Galega, a fin de contribuír a garantir a dispoñibilidade de profesionais especializados neste ámbito, material formativo en relación coa erradicación da violencia sobre os menores e adolescentes.
- c) O Consello da Avogacía Galega asume a organización e ofrecemento de asistencia letrada, asesoramento xurídico e orientación gratuítos, así como acompañamento inicial na práctica das primeiras dilixencias ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia. O Consello da Avogacía Galega comprométese a que esta atención letrada estea dispoñible todos os días do ano as 24 horas, co obxecto de que a vítima de delito dispoña dun avogado especializado que a asista.

A tal fin, os colexios de avogados deberán contar cun número suficiente de letrados especializados para garantir o adecuado funcionamento deste servizo, que en todo caso deberán pertencer á quenda do respectivo colexio.

O Consello da Avogacía tamén asume, cos fondos deste convenio, a organización e ofrecemento aos avogados e avogadas de formación específica en materia de asistencia a vítimas menores de idade.

Cuarta. *Crédito orzamentario*



O financiamento máximo para as actuacións descritas no convenio é de 30.000,00 euros (TRINTA MIL EUROS). A mencionada cantidade imputaranse aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2023 na aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0.

Para estes efectos, xunto coa documentación que o Consello da Avogacía Galega achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se certifiquen todas as designacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do letrado, o colexio ao que pertence e o número de colexiado, así como a actuación desenvolvida e contía correspondente.

No caso de que a cantidade establecida resulte insuficiente para o financiamento da atención profesional ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais esixidos.

Quinta. Vixencia.

O presente convenio producirá efectos a partir da súa sinatura, e ata o 31 de decembro de 2023.

Sexta. Xustificación e pagamento.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a compensar economicamente ao Consello da Avogacía Galega os gastos que deriven da execución deste convenio, do seguinte xeito:

- Atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia: ata un máximo de 15.000,00 €

Compensará con 180,00 euros pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, o Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.

- Actuacións de formación específica en materia de asistencia a vítimas menores de idade e adolescentes: ata un máximo de 15.000,00 €

O Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia, comprométese a poñer en marcha e desenvolver accións de formación específica para os avogados e avogadas colexiados en Galicia sobre atención a menores de idade e adolescentes vítimas de violencia, a través de cursos, seminarios, xornadas, conferencias, coloquios, etc.

A efectos da xustificación do convenio, o Consello da Avogacía Galega presentará unha certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a



subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que inclúa :

- Un informe detallado onde se recolla todas as actuacións de atención xurídica ás vítimas realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento e o nome e o número de colexiado do letrado que interveu na actuación.
- A relación detallada dos gastos atribuídos ás actividades formación específica dos letrados e letradas na materia de asistencia ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas en execución deste convenio deberalle ser presentada, por parte do Consello da Avogacía Galega, á Dirección Xeral de Xustiza, e comprenderá a totalidade das actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 30 de novembro de 2023, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2023.

Deberán remitir unha memoria final de actuación na que se recollerán todos os servizos prestados.

O Consello da Avogacía Galega comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

Sétima. Publicidade e confidencialidade.

O presente convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes quedarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como coas demais disposicións vixentes sobre a materia.



O Consello da Avogacía Galega, en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entidade esta responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo, adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como ao previsto nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente, comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do presente convenio comprométense a destacar, nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no convenio, a colaboración prestada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia

Oitava. Modificacións e resolución do convenio.

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

O Consello da Avogacía Galega poderá solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento non varíe. As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior aportación económica ao mesmo, e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio



- c) Pola desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio ou polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Novena. Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décima. Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

Décimo primeira. Natureza e interpretación.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas nel establecidas, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cuxos acordos porán fin á vía administrativa.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Comisión mixta de coordinación e seguimento.

Consoante o previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase unha comisión de seguimento do convenio, á cal lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, así como asumir o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos, todo isto sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

Esta comisión terá carácter mixto, e estará integrada polos seguintes membros:

- Por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o director xeral de Xustiza, ou persoa en quen delegue.
- Por parte do Consello da Avogacía Galega, o seu presidente, ou persoa en quen delegue.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O vicepresidente Segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

A presidenta do Consello da Avogacía
Galega

Diego Calvo Pouso

Lourdes Carballo Fidalgo

